



CONCELLO DE ARANGA

Polo presente anuncio ponse en coñecemento dos interesados/as que o pleno municipal deste Concello de Aranga ven de aprobar, na sesión do día 27/10/2021, as bases da convocatoria pública de subvencións municipais para familias con alumnos matriculados en centros docentes no curso 2021-2022 con destino á adquisición de equipamento informático e conexión de datos 2021, establecendo o prazo de quince días hábiles, que se contará a partir do día seguinte á inserción do extracto deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de solicitudes.

Aranga, 29 de outubro de 2021
O alcalde

Asdo: Alberto Platas Álvarez

“BASES DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE AXUDAS AO ALUMNADO PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E CONEXIÓN DE DATOS 2021

Primeira: Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas para adquisición de equipamento de material informático, así como para a conexión de datos para que contribúan a minimizar o impacto económico e social da COVID-19 no ámbito educativo das familias empadroadas **no concello de Aranga** con alumnado matriculado/a nun centro docente neste ano 2021, a efectos de favorecer que poidan desenvolver a súa formación e aprendizaxe on-line tentando corrixir o acceso desigual ás novas tecnoloxías, especialmente a las mas desfavorecidas.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria **231.48002** do vixente orzamento municipal, **dotada dun crédito de 35.000,00 €, sen prexuício de que, en caso de ser necesario, poida ser incrementado seguindo os procedementos legais.**

Segunda: Destinatarios das axudas

Poderán solicitar estas axudas aquelas familias que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que Polo menos un do pai/nai/titor legal e máis o fillo/a para o que se dará a axuda deberán estar empadroados/as no Concello de Aranga cun mínimo de **6 meses de antigüidade**, agás os supostos excepcionais previamente acreditados por servizos sociais.
- b) Que o alumnado para o que se solicitan as axudas consten matriculados/as nun centro docente neste curso académico 2021/2022.
- c) Estar ao corrente no pagamento dos tributos municipais

Terán prioridade na concesión das axudas aquelas familias consideradas vulnerables e reúnan os seguintes requisitos:

- O conxunto dos ingresos do ano 2020 dos membros da unidade de convivencia non superen, con carácter xeral 3 anualidades do IPREM vixente (20.336,40 €); ampliándose a 4 anualidades (27.115,20 €) no caso de grupos de familias de especial

consideración: familias numerosas, familias con algún membro familiar con recoñecemento de discapacidade igual ou superior ao 33%; acreditación da condición de vítima de violencia de xénero, conforme ao establecido na lexislación vixente, con persoas con recoñecemento de dependencia grao II /III, familias acolledores e vítimas de violencia de xénero ou estar integrado por un único proxenitor.

- Os ingresos da unidade de convivencia calcularanse sumando a base imponible xeral e a especial da declaración da renda das persoas físicas do ano 2020 de todos os membros maiores de 18 anos da familia.

- Con carácter excepcional, as persoas afectadas por ERTE ou, no caso de autónomos ou réximes especiais que cesasen a súa actividade ou visen reducidos os ingresos en máis dun 75 %, poderán solicitar que se teña en conta a súa situación económica actual.

Terceira: Tipos de axuda

1.- Equipamento informático: No concepto de equipamento informático inclúese ordenador de sobremesa, portátil, impresora... ou calquera outro equipamento informático considerado imprescindible para a formación académica;

2.-Conexión de datos

Ambas axudas poderán ser acumulables

Cuarta: Contía das axudas.

a)Familias en situación de vulnerabilidade :

- 1) Para a adquisición de equipamento e material informático:
O importe máximo por familia, segundo o número de integrantes da unidade familiar que estean matriculados nun centro docente: máximo 400 € no caso dunha persoa matriculada, máximo 500,00 € se son dous e máximo 600 € tres ou máis.
- 2) Para conexión de datos: ata un máximo de 100 €, presentando contrato de servizo.

b) Solicitud Xeral. Familias que non cumpran requisitos exixidos para considerarse vulnerables:

- 1) Para a adquisición de equipamento e material informático ata un máximo de 200,00 €, segundo o crédito dispoñible logo da concesión das anteriores axudas.
- 2) Para conexión de datos: ata 50€ presentando contrato de servizo.

Quinta: Solicitud

1. As persoas solicitantes presentarán unha solicitude por cada unidade familiar, no modelo oficial que se xunta como anexo e que se facilitará no departamento de servizos sociais do concello de Aranga, preferentemente de forma telemática a través da sede electrónica municipal, no rexistro xeral do Concello de Aranga ou nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. A presentación da solicitude implicará a autorización ao Concello para a comprobación dos datos declarados nela (empadramento, DNI, ausencia de débedas, etc.) e a aceptación das condicións das bases.

3. O modelo de solicitude deberá ir acompañado polos seguintes documentos (orixinais ou copias compulsadas):

- Número da conta bancaria do/a solicitante para realizar o ingreso (presentarse unha certificación bancaria ou unha copia dun recibo/libreta na que apareza o número de conta co IBAN e nome do titular; no caso de ser diferente a persoa que consta na solicitude un informe autorizando o ingreso en dita conta).

- Factura do gasto realizado ou do presuposto do gasto que se vai realizar.

- De ser o caso, xustificación de estar afectado/a por un ERTE ou, no caso de autónomos, xustificante do cese de actividade ou redución de ingresos en máis dun 75%, ou estar en situación de vulnerabilidade.
 - Xustificante acreditativo da matrícula no centro docente no curso 2021-2022. Este documento non se exibirá aos matriculados en centros docentes do termo municipal.
 - Para acceso as axudas de conexión de datos será necesario unha copia do contrato activo no momento da xustificación.
 - Calquera outra documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos.
4. O prazo de presentación de solicitudes é de **15 días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal (www.aranga.gal).
 5. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

Sexta: Estudo das solicitudes e adxudicación

1. Unha vez que finalice o prazo de presentación de solicitudes o departamento de Cultura, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade procedera á verificación de que as solicitudes están completas e que ningún documento contén erros. En caso necesario requirirase a documentación necesaria e darase un prazo máximo de **10 días** para a achegala.
2. A continuación procederase a confeccionar a relación de solicitudes que fosen declaradas completas e de seguido ditarase unha proposta de resolución dándolle traslado ao órgano competente para a súa aprobación.
3. A concesión das axudas publicarase no taboleiro de edictos da súa sede electrónica, que servirá de notificación aos interesados.
4. A vista da proposta, o Alcalde -Presidente resolverá o que proceda, publicándose a resolución de concesión no Taboleiro de anuncios da sede electrónica de Aranga, que servirá de notificación aos interesados.
5. O crédito destínase ás familias en situación de vulnerabilidade segundo o establecido na convocatoria. O crédito sobrante, unha vez propostas as axudas a estas familias, repartiranse entre os restante solicitantes, a partes iguais.

Sétima: Pagamento da axuda, xustificación e reintegro

1. As axudas concedidas serán ingresadas unha vez xustificadas na conta bancaria facilitada xunto coa solicitude.
2. Poderase solicitar o pago anticipado da inversión, xustificado a necesidade mediante informe de servizos sociais municipais.
3. A data límite de xustificación será de 10 días hábiles dende a notificación de concesión e/ou nos casos xustificadas e aprobados de ingreso anticipado , dende o ingreso na conta bancaria. A non xustificación de todo ou parte da axuda dará lugar ao reintegro do importe non xustificado xunto cos xuros de mora que correspondan.

Oitava: Compatibilidade da subvención

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de axuda ou subvención que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do equipamento subvencionado.

Disposición adicional

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 de 13 de novembro Xeral de Subvencións , o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo que aproba o regulamento da lei , na lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións en Galicia e o Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro que aproba o regulamento da lei galega.

Contra o acordo de aprobación destas bases poderá interpoñerse , alternativamente, recurso de reposición potestativo no prazo dun mes dende a publicación do acordo, ante o alcalde da corporación de conformidade cos artigos 123 e 124 da lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar dende o seguinte á publicación segundo establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se opta pola interposición do recurso de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza desestimación por silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

ANEXO

SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE AXUDAS AO ALUMNADO PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E CONEXIÓN DE DATOS 2021

D./D^a _____, con
NIF/NIE/Pasaporte _____, e _____, con
en _____, parroquia de _____
_____, teléfono _____, como SOLICITANTE E/OU
REPRESENTANTE DE (Cando proceda)

EXPOÑO:

- Que todos os datos da solicitude son certos.
- Autorizo á consulta de padrón, e demais datos que consten no Concello de Aranga
- Que teño coñecemento da convocatoria de Axudas para a adquisición de equipamento informático e conexión de datos 2021 e reúno os requisitos esixidos nela, polo que

SOLICITO:

A concesión dos beneficios que se establecen na citada convocatoria.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

No caso de non autorizar á consulta fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa que solicite/representante.

No caso de acceder as axudas para familias en situación de vulnerabilidade:

Fotocopia da declaración da Renda exercicio 2020 de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade de convivencia.

De ser o caso, xustificación de estar afectado por un ERTE, ou, no caso de autónomos, xustificante de cese de actividade ou redución de ingresos en máis dun 75 %

De ser o caso, certificado de unidade familiar en situación de circunstancias especiais que poderá ser acreditada polos servizos sociais municipais

Certificado de conta bancaria da que a persoa solicitante sexa titular ou acompañada de autorización para o ingreso en dita conta.

No caso de non autorizar á consulta, ou no caso de estar matriculado fóra do termo municipal de Aranga, xustificante acreditativo de estar matriculado o nalgún centro escolar.

De ser o caso, a factura xustificativa da subvención estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o pagamento

No caso de acceder ás axudas de conexión de datos, fotocopia do contrato de servizo en activo.

De ser o caso, certificado de ser unidade familiar en circunstancias especiais que poderá ser acreditada por servizos sociais municipais

Calquera outra documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos

En Aranga, _____ de _____ de 2021

Asinado:

ALCALDE DO CONCELLO DE ARANGA”.

